

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xuño de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel en substitución da Vicesecretaria e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a quinta prórroga do contrato administrativo para a explotación da cafetería restaurante no edificio mirador do parque Rosalía de Castro, para o período comprendido entre o 21 de xuño de 2021 e o 20 de xuño de 2022.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de alumeadado público dentro do termo municipal de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000020.

Así mesmo, acórdase a adxudicación da contratación da obra "Renovación do alumeadado público no Grupo la Paz (Lugo)". Exp. ref. 2021-C002-000004.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación da obra "Reurbanización das rúas Avelino Pousa Antelo e Isaac Díaz Pardo (entre Recatelo e Avelino Pousa Antelo)". Exp. ref. 2021-C002-000008.

Acórdase a adxudicación na contratación mediante lotes da subministración de zahorra (lote 1) e de gravilla para regos (lote 2). Expdte ref: 2021/C004/000002.

Tamén se acorda a primeira prórroga do contrato dende o 22-09-2021 ata o 21-09-2022 no contrato administrativo correspondente á contratación do aluguer e mantemento de dez cabinas sanitarias a instalar en zonas verdes públicas do

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac5452659161168425999.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-6-2021

Concello de Lugo. Expdte ref: 8-2017.

Acórdase a adxudicación na contratación da prestación do servizo educativo-asistencial e de cociña-limpeza nas escolas infantis municipais Luís Soto Menor (lote 1) e María Wonenburger (lote 2) exp 2021/C003/000004.

Acórdase a adxudicación da contratación da obra "Renovación de instalación de alumado público nas rúas Río Ulla, Azalea, Escultor Asorei, Río Lor, Portugal, Amizade e Evaristo correa calderón. Expdte ref: 2021/C002/000006.

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 1/07/2021 ata o 30/06/2022 na contratación para a prestación do servizo de vixilancia no Centro Social e Cultural do Vello Cárcere. (Exp. ref. 2018-33).

Acórdase a modificación do contrato de concesión administrativa para a construción e explotación de estacionamentos para vehículos automóbiles nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e da Constitución. (Dimensión prazas de aparcamento). Exp. ref.2020/C005/000013.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición presentado no que insta a rectificación da liquidación núm. 10230055 (1057/2019), xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, coa aplicación do presuposto de adxudicación das obras de construción do novo centro integral de saúde do barrio da residencia.

Tamén se acorda estimar a solicitude de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polo "especial interese ou utilidade municipal" da construción de almacén agrícola en Birbigueira (San Xoán do Campo).

3. PERSOAL.- Acórdase a modificación do acordo 14/479 designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de oficial da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. CULTURA.- Acórdase a aprobación do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua) e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas, nas que se levan a cabo estes programas e actividades-exercicio 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegación da licenza urbanística para rehabilitación e reforma de edificacións tradicionais en o Hospital, nº 14. San Pedro de Arriba. (Expte: 2020/Y001/000133).

Acórdase a aprobación da licenza urbanística para rehabilitación de alpendre existente vinculado a vivenda tradicional no núcleo rural de Riazón, número 9, parroquia de Ombreiro. (expte: 2021/Y001/000121).

Do mesmo xeito, acórdase denegar a licenza urbanística para rehabilitación de edificación no núcleo rural tradicional de Campos-Corral de Abaixo-Corral de Arriba, parroquia de Pías (expte: 311/18).

Tamén se acorda a aprobación das seguintes licenzas urbanísticas: para a reforma e legalización de ampliación de nave para taller, exposición e venda de automóbiles, en estrada de Santiago N-640, Km 2,1. (Expte: 1/17) e para reestructuración de edificio de planta baixa para local sen actividade definida e dúas plantas altas e baixo cuberta para tres vivendas, na rúa San Pedro, número 44. (Expte: 151/19)

6. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar a incidente de execución de sentenza "EJD execución definitiva 0004002/2018 procedimemento ordinario 0004263/2012", relativo á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 100/2017, de data do 2-03-17. Elaboración e aprobación do proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito do Urpi-58 (Costas do parque Rosalía de Castro): (fase 0) estudo de alternativas formuladas. Elección de alternativa concreta.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

7. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar a designación do Coordinador da Área de Alcaldía, como membro da Comisión de Seguimento / Comisión de Seguimento, do proxecto "Lugo Smart. impulsando Lugo como cidade intelixente e sostible".

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.